



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DOS TRABALLOS NECESARIOS PARA A ELABORACIÓN DE MAPAS DE PERIGOSIDADE E RISCO DE INUNDACIÓN NECESARIOS PARA A APROBACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM) DE LUGO Exp. 44/2016. APERTURA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA. -----

Sendo as 13:15 horas do día 21 de novembro de 2016, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por don X. Manuel Cao Rei xefe do servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento e actuando como vocais:

- don Manuel Louzao Aldariz, titular da Asesoría Xurídica,
- dona Elva Anido en substitución do Interventor Xeral,
- don Miguel Negral técnico do servizo de Medio Ambiente
- e actuando como secretaria dona Ana Tabarés Martínez técnico do servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

Abre a sesión o sr. presidente e procédese por parte da secretaria da mesa á apertura da oferta presentada pola mercantil ESTUDIOS, PROYECTOS Y PLANIFICACION S.A.

Os efectos de cualificar a documentación e subsanar no seu caso posibles defectos u omisións, o presidente da Mesa ordena a apertura do sobre A) que contén a documentación administrativa; concluíndose por parte dos membros da Mesa de Contratación que a sinalada empresa presenta correctamente a documentación requirida no prego de condicións sendo polo tanto admitida á licitación convocada polo Excmo. Concello de Lugo para a CONTRATACIÓN DOS TRABALLOS NECESARIOS PARA A ELABORACIÓN DE MAPAS DE PERIGOSIDADE E RISCO DE INUNDACIÓN NECESARIOS PARA A APROBACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM).

A continuación procedese á apertura do sobre B) que contén a oferta económica co seguinte resultado:

A mercantil ESTUDIOS, PROYECTOS Y PLANIFICACIÓN S.A, propón como prezo do contrato a cantidade de **52.000 euros** máis un 21% de IVE (**10.920 euros**), do que resulta un importe total de **62.920 euros** IVE incluído.

Á vista do cal, os membros da mesa de contratación acordan dar traslado da oferta presentada pola sinalada mercantil o Técnico do servizo de Medio Ambiente,

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/cml

Refº: Acta unica.doc

Asunto:

os efectos de iniciar o proceso de negociación ca mercantil ESTUDIOS,
PROYECTOS Y PLANIFICACIÓN S.A.

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:30 horas,
no lugar sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE

Asdo.: X. Manuel Cao Rei



A SECRETARIA

Asdo.: Ana Tabarés Martínez